FEGABA
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 13.06.2023

Nas dependencias da Federación Galega de Fútbol en Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 13 de xuño do 2023, baixo a presidencia de D. Julio Bernández Álvarez e actuando como Secretario D Miguel González López-Mosquera. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2023/24.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2023/24.

6. Aprobación do Calendario de Actividades 2023-24.

7. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2022.

8. Aprobación nomeamento de Presidente de Honra a D. Francisco Martín Micó

9. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

10. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 18:00 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:
O Secretario toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 35 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:
O Secretario informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

3.Informe do presidente:
Toma a palabra o Sr. Presidente, D. Julio Bernárdez Álvarez para indicar que: Fai 113 días sumámonos a este apaixonante reto que é dirixir a Federación Galega de Baloncesto. Interaccionei plenamente coa dinámica federativa xa existente e sobre a que, con un profundo respeto ó traballo anterior, comenzamos a forxar una nova FGB.

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
Nº 968-23
Fecha 19/06/2023
Dpto. SECRETARIA

Nestes intensos meses abrimos opcións e ampliamos novas posibilidades para o noso baloncesto por toda Galicia.

Realizamos importantes contactos coas institucións, dando, en moitos casos, os movementos precisos para futuros proxectos.

Todas as áreas do día a día desta FGB foron, dende o minuto cero, obxecto da miña máxima ateción, implementando nelas aquelas ideas, cambios e aspectos que consideramos necesarios e reforzando todo o que xa tiña unha base sólida.

Traballar pola situación formativa e laboral dos adestradores e adestradoras, e seguir outorgándolles ese papel referencia que merecen no noso deporte é unha das nosas principais liñas de traballo.

É de especial satisfacción para nós poder colaborar estreitamente coa Federación Española de Baloncesto, tanto neste asunto relacionado cos adestradores como membro da comisión que estuda as posibles modificacións e melloras, así como noutros aspectos.

As recentes visitas tanto da Selección Española Feminina como do circuíto Praza 3x3 Caixabank a Vigo son tamén unha proba desta excelente relación.

Nunha tempada de transición en relación á area deportiva, tivemos o pracer de anunciar cal será a súa nova dirección: Darío Martínez Méndez. Estou plenamente orgulloso da acollida que todo o baloncesto deu ao seu nomeamento e da confianza depositada nel.

O Presidente cede a palabra á Directora Xeral, Susana Fernández, para que faga unha exposición do que aconteceu na Área Deportiva:

Informe Area Deportiva.

A Directora Xeral, Susana Fernández toma a palabra para facer unha exposición do que aconteceu nesta parcela:

As competencias da área deportiva son:

1.- *Tecnificación dos xogadores/as*
2.- *As selecciones autonómicas*
3.- *Área adestradores*

Tamén informa sobre o seguinte:

- *Tecnificación nesta temporada..*
- *Actividades de formación para adestradores.*
- *Asistencia das Seleccions Campionato de España en Xaneiro e Abril.*
- *Preparación das seleccións.*
- *Cursos de adestradores: 6 de iniciación cun total de 195 alumnos.*
- *As titulacións académicas: seguimos co CAD Peleteiro-FGB este ano cerramos o ciclo con eles.*
- *Volta os cursos federativos. Previsión de facer un curso de Nivel 1 a finais de agosto ou principios de setembro. Así como outros de Nivel 1 e Nivel 2 a partir de febreiro.*

No apartado da arbitraxe, sen dúbida tamén de máxima relevancia para esta xunta directiva; non paramos de analizar e valorar cada día, con todo o equipo que conforma o comité galego de árbitros, a súa situación actual, así como os futuros proxectos formativos, deportivos e económicos.

O noso Director de Arbitraxe, Miguel A. Pérez, ten a palabra para trasladaros todo isto:

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asimesmo informa dos seguintes puntos:

- *Informes sobre árbitros e oficiais de mesa, subida a 700 licenzas aumento 32,3%.*
- *Actividades: un total de 187 informes presenciais e 197 por video dirixidas a árbitros e oficiais de mesa tanto autonómica como zonais.*
- *Estatísticas*
- *Esgar: 24 alumnos. Neste punto agradecer o xefe de estudos o seu traballo.*
- *Actividades formativa: 275 actividades formativas*
- *Convocatoria récord de árbitros as Fases finais da FEB e Campionatos de España cun total de 8*
- *Actividade extraescolar en Liceo la Paz.*

Volve a tomar a palabra o Presidente.

Quero facer especial fincapé en dous puntos novos e que, espero, agora estean firmemente consolidados. A nosa campaña "O Baloncesto Educa" é a primeira delas. Queremos situar a formación en valores, o respecto á figura dos árbitros, e a deportividade nas pistas e dende as bancadas en primeiro plano. O deporte é aprender e agardamos que o baloncesto sexa o espello no que mirarnos para recoller comportamentos que contribúan positivamente á nosa sociedade. Seguiremos nesta liña contando cos clubs e as familias como principais aliados.

Tamén quero darlle un lugar especial ó 3x3. Esta tempada 22-23 foi a do seu despegue en Galicia, pero o obxectivo é que sexa un factor de expansión xeográfica do noso deporte. Ao fomentar a súa práctica, cremos que, si, o 3x3 chegou para quedarse.

En xeral, o pequeno camiño que percorremos dende febreiro afronta agora a súa segunda etapa. Un tempo no que establecer con máis firmeza aqueles trazos iniciais do percorrido marcado en o noso mapa, e co que nos presentamos para liderar o baloncesto galego.

A nosa idiosincrasia pasa pola busca da excelencia nos servizos prestados, no día a día e a longo prazo. E o espírito de traballo do equipo humano desta FGB é un factor clave para iso.

Grazas a todos pola vosa presenza hoxe aquí para decidir, exercendo a vosa participación, o novo regulamento que rexerá as competicións na vindeira tempada. Así mesmo, valora todas aquelas achegas que nos trasladaches dende a nosa chegada.

Por suposto, tamén expresaría publicamente o meu agradecemento á miña xunta directiva, que dende o minuto cero estableceu a súa máxima dedicación ao baloncesto galego.

Coa mesma intensidade, espíritu de traballo e unha imaxe recente e renovada que seguirá medrando nos próximos meses, comezamos xa unha nova temporada.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 23/24.

O secretario informa de que lles foi enviado ós asambleístas o texto coas modificacións propostas dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 23/24. Ó mesmo foron presentadas unha serie de enmendas que foron ordeadas e agrupadas pola Directora Xeral para un debate máis sinxelo.

Enmendas ó Regulamento Xeral

Artº 27 presentan enmendas D. David Castañón e D. Rubén Engroba, non están asumidas pola Comisión Delegada. D. Rubén Engroba defende o texto da súa enmenda e D. David Castañón engade que además as vinculacións tamén deben permitir que se podan vincular xogadoras que pertenzan a un equipo masculino con outro club que teña equipo feminino na mesma categoría. Procédese o seu debate e pásase a votación:

Enmenda presentada por D. David Castañón

Votos a favor: 16 Votos en contra: 16 Abstencións: 3
Próducese un empate polo que decide o voto de calidade do Presidente quedando rexeitada a enmenda.

Enmenda presentada por D. Rubén Engroba:

Votos a favor: 12 Votos en contra: 20 Abstencións: 3
Queda rexeitada a enmenda.

Artº 51 presentan enmendas D. David Castañón e D. Miguel Niebla, non están asumidas pola Comisión Delegada, procédese ó seu debate e ambos enmendantes proceden a súa retirada.

Artº 65-B presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 4 Votos en contra: 23 Abstencións: 4
Queda rexeitada a enmenda.

Artº 65-F presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e o enmendante procede a súa retirada.

Artº 77 presenta enmenda D. Rubén Engroba, o Secretario indica que esta redacción vai contra o artigo 80 do Regulamento xeral, polo que o enmendante a retira.

Artº 173 presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 3 Votos en contra: 18 Abstencións: 4

Queda rexeitada a enmenda.

Enmendas ó Regulamento Disciplinario

Artº 24 presenta enmenda D. Miguel Niebla. O Presidente e o enmendante presentan unha enmenda transaccional quedando a mesma redactada da seguinte forma ".. A sanción cumplirase nun campo de xogo nun Concello distinto ao do club sancionado". Procédese a votación:

Votos a favor: 28 Votos en contra: 0 Abstencións: 7

Queda aprobada a enmenda.

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2023 -2024.

O secretario informa de que lles foi enviado ós asambleístas o texto coas normas para competicións oficiais da FGB para a tempada 2023-2024. Ó mesmo foron presentadas unha serie de enmendas que foron ordeadas e agrupadas pola Directora Xeral para un debate máis sinxelo. A continuación pásase ó seu estudo e votación:

Artº 1.8 presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada. Esta enmenda está en consonancia coas rexeitadas ó Regulamento, polo que o enmendante a retira

1.9. presentan enmendas D. David Castañón e CB Allariz, non están asumidas pola Comisión Delegada, procédese a un pequeno debate e ambos enmendantes retiran as mesmas.

1.14. presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese a un pequeno debate e o enmendante retira a mesma.

7.4., 9.4, 11.4, 13.4, 15.4, 17.4, 8.4, 10.4, 12.3, 14.3, 16.3, 18.3 presenta estas enmendas D. David Castañón que ó ser as mesmas en todas as categorías votaranse de forma conxunta. Non están asumidas pola Comisión Delegada, procédese a un pequeno debate e procédese a votación:

Votos a favor: 18 Votos en contra: 15 Abstencións: 25

Quedan aprobadas as enmendas.

8.5., 10.5, 12.5, 14.5, presenta estas enmendas C.B. Allariz que o ser as mesmas en todas as categorías votaranse de forma conxunta. Non están asumidas pola Comisión Delegada, procédese a un pequeno debate e procédese a votación:

Votos a favor: 2 Votos en contra: 29 Abstencións: 4

Queda rexeitada a enmenda.

7.1., 9.3, 15.1, 17.3, 11.1, 13.3 presenta estas enmendas D. Julio Bernárdez Álvarez que ó ser as mesmas en todas as categorías votaranse de forma conxunta. Están asumidas pola Comisión Delegada, procédese a un pequeno debate e procédese a votación:

Votos a favor: 35 Votos en contra: 0 Abstencións: 0

Queda aprobada a enmenda.

6.- Aprobación do calendario de Actividades 2023-24.

A directora Xeral informa que se remitiu o calendario de actividades da FGB. Este calendario poderá modificarse ao longo da tempada, polo que solicita tamén que se faculte á Xunta Directiva para modificalo durante a tempada..

Apróbase por unanimidade o calendario de actividades 23-24 e facultar a la xunta directiva a modificalo o longo da tempada.

Neste momento abandonan a asemblea 2 asembleístas (CB Arxil e CAB Pontevedra), co que o total presente pasa a ser de 33.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2022

Toma a palabra D. Ramón Lago, tesoureiro desta Federación, e informa que en primeiro lugar a Director Xeral fará unha breve exposición sobre a siniestralidade do seguro

Toma a palabra Susana Fernández Fiuza e informa ós asistentes sobre resumo deste ano. Falaremos cos datos da temporada 22-23 ata o 15 de maio.

Na tempada en cuestión tivemos 717 sinistros dos que 652 seguen con procesos é dicir que ou ben tiveron que facer probas complementarias, ou intervencións quirúrxicas ou foron atendidos en urxencias. Isto representa un coste medio por sinistro de 638,96 €. O ratio de sinistralidade é do 115,16%.

O 64,01% dos sinistros acudiron a urxencias o que representa unha subida considerable neste aspecto con respecto a temporada pasada.

Tamén pon en coñecemento dos asistentes que hai clubes que non teñen máis de 16 licenzas e que teñen un gasto no seguro de 15.000€.

D. Ramón Lago, informa da negociación con diferentes compañías de seguros e informa que finalmente o faremos coa correduría de seguros "Campos y Rial " e Surne como compañía de seguros. Tamén quere deixar constancia de que está informado de que a nosa póliza foi negativa para a compañía aseguradora as dúas

O director arbitral indícalle que a normativa "recomenda" que un árbitro que teña licenza por un club non dirixa encontros deste club, pero lamentablemente este ano, sobre todo na Coruña, ocurriu. Debemos preguntarnos que é mellor suspender o partido o que o arbitre alguén que perteneza a un dos clubs.

O Sr Valeiro contesta a esta cuestión que non se debe elixir entre suspender ou que te arbitre alguén dun dos clubs, se non que deberíamos de ter máis árbitros para que isto non suceda.

O representante de A.B. Xinzo pregunta se xa se saben os prezos dos cursos de Nivel 1 e 2. Por parte da Directora Xeral se indica que serán de 400 e 500€ respectivamente. O presidente indica que se están facendo xestións para que o aloxamento e a manutención sexa gratis para todos os participantes.

O representante de C.B. Golfiños de Sada quería comentar que está de acordo no que manifestou o representante do C.B. Santo domingo Betanzos e quere matizar que na Coruña que se xoga en concentración que habendo nunha pista un árbitro dirixindo un encontro a un equipo do seu club, mentres que podería haberse designado á pista do lado.

O presidente dí que a intención da FGB é a comentada xa anteriormente polo Director Arbitral.

Dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 20.50 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

V°P° O PRESIDENTE.

MIGUEL GONZALEZ LOPEZ-MOSQUERA - 35319021Z

Firmado digitalmente por MIGUEL GONZALEZ LOPEZ-MOSQUERA - 35319021Z
Fecha: 2023.06.16 14:07:23 +02'00'

derradeiras temporadas. Que hai que tomar conciencia e identificar o porque nalgúns casos hai clubs que con poucas licenzas teñen moitos sinistros. Faremos un seguimento para tratar de averiguar o porqué.

Con referencia as contas xunto coa convocatoria desta Asemblea remitironse os seguintes documentos económico-financieiros: A Conta de Perdas e Gananzas, o Balance de Situación, a Liquidación Orzamentaria, as Contas Anuais abreviadas e a Memoria do exercicio 2022. Así mesmo, o informe de auditoría, emitido por D. Mario Rafael Salas Ayer, socio auditor inscrito no R.O.A.C. co número 22.068 da firma Capellá

D. Ramón Lago fai unha exposición sobre as contas anuais e pásase a votación das mesmas.

Votos a favor: 33 Votos en contra: 0 Abstencións: 0

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2022 por unanimidade.

8.- Aprobación nomeamento de Presidente de Honra a D. Francisco Martín Micó

O presidente informa que a xunta directiva da Federación propón a asemblea o nomeamento de Francisco Martín Micó como "Presidente de Honra" da mesma. Polo seu compromiso e traballo co baloncesto galego nos derradeiros 16 anos.

Apróbase por unanimidade.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2022/2023 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

10. Rogos e Preguntas.

O representante do CB Burela indica que non lle quedou claro o seguinte: si este ano un equipo infantil de 2ª división ascende a 1ª división e o adestrador ten o título de iniciación, terán que dar de alta outro adestrador?. A Directora Xera contéstalle que poderá facer a pre-inscripción no curso de Nivel I e terá un ano para facelo.

O representante do C.B. Santo domingo Betanzos toma a palabra para indicar que na súa opinión o tema arbitral en canto ó seguro e os cursos debería asumilo a FGB e non repercutilo os clubs e buscar patrocinios, que entendín que eso é o que se vai facer.

Quere facer fincapé que os árbitros que están nun club que non arbitre encontros dese club.

Con respecto o tema adestradores espero que co cambio dos cursos teñamos máis número.

Relación de Asistentes

E.D.M. Estradense (Alfonso Sanmartín Carbón)
C.B. Valle Inclán (José Mª González Rodríguez)
C.B.Sto. Domingo Betanzos (José M. Valeiro Iglesias)
C.D. Sagrado Corazón (Rubén Engroba Cabo)
C.B. Golfiños de Sada (David Castañón Gadea)
Porriño Bto. Base (Icia Alcalde Giraldez)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C.B. Allariz (Leire Barros Quintas)
A.B. Xinzo (Luis Gil Penín)
A.D. Bosco Salesianos (Manuel Blanco González)
A.D.Cortegada (Ricardo López Rodríguez)
A.D.C. Burela (Rogeli Cayón García)
A.D.F.R.O. (Teresa Cano Pan)
C.B. Arteixo (Francisco Lozano Arenas)
C.A.B. Pontevedra (Juan Meilán Flores)
C.B. Brión (Leticia Rodríguez Sarmiento)
C.B. Costa Artabra (Miguel Niebla Pereiro)
C.B. Culleredo (Miguel Couselo del Río)
C.B. Estudiantes Pontevedra (Miguel Barreiro Outeda)
C.B. Esclavas (Rosa Ana Rego Rodríguez)
C.B. Ría Ribadeo (José R. Vázquez Barbeito)
C.D. Bosco (Carlos Colinas Morán)
C.B. Redondela (Julian Bravo Paramós)
C.B. Val de Lemos (Lucía M. Rodríguez Rodríguez)
FE.DE.SA. (Francisco Montero García)
S.D. Tui (Francisco J. Niño Alonso)
C.B. Universitario Ferrol (Manuel Caínzos López)
Jaime Alvarez-Osorio Varela (Arbitros)

David Seoane Brocos (Arbitros)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
Andrés Blanco Blanco (Xogador)
Carla García de Castro (Xogadora)
Sara Vidal Acuña (Xogadora)
Javier Cotelo Rama (Adestradores)
Julio Bernárdez Alvarez (Presidente)

Relación de Invitados

Fernando Fariña Aboy
Daniel López Illán
Aniceto Fernández Fernández
Noelia Rodríguez López
Susana García Senra
Fernando Pérez Lorenzo
José M. Villamarín Couto